



ANUNCIO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “ENCONTROS NA EMIGRACIÓN” 2014.

A través de resolución presidencial de data 18 de febrero de 2014 aprobáronse as bases reguladoras do programa “Encontros na emigración”, e que son como seguen:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “ENCONTROS NA EMIGRACIÓN” 2014

Segundo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 2 defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social, sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través de Servizos Sociais e Promoción de Emprego, convoca o programa “Encontros na emigración” para o achegamento das persoas emigrantes retornadas coa familia e amigos residentes na Arxentina, así como para o reencontro das familias pontevedresas cos familiares que emigraron á Arxentina na procura de mellores oportunidades.

C L Á U S U L A S

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases a execución dunha viaxe grupal á Arxentina, co fin de acadar un prezo máis económico para os interesados e sen que isto supoña maior gasto para esta institución, cun máximo de 3.995 euros resultantes do canon de xestión do programa. A viaxe oféntase, segundo as necesidades de cada participante, con aloxamento ou sen el.

As datas de saída serán os días 21, 22 e 23 de marzo de 2014, e os regresos o 29, 30 e 31 do mesmo mes. Todos os voos faranse desde o aeroporto de Vigo (Peinador) con escala en Madrid (Baraxas).

SEGUNDA. BENEFICIARIOS

1. O programa diríxese ás persoas emigrantes retornadas da Arxentina que así o acrediten, ademais daquelas persoas da provincia que confirmen ter familiares de ata o 3º grao de consanguinidade residentes no país suramericano (pais, fillos, avós, irmáns, netos, tíos e sobrinos).

No caso de superarse o número de prazas ofertadas (200) terán prioridade as persoas solicitantes perceptoras dalgúnha prestación social e as persoas de maior idade.

2. No caso de non se cubrir as prazas cos beneficiarios sinalados no apartado 1, poderán cubrirse, ata esgotar a oferta, coas persoas empadroadas nun concello da provincia de Pontevedra independentemente do seu perfil, tendo preferencia as persoas perceptoras de prestacións sociais e de maior idade.

TERCEIRA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

No Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no artigo 80 do R. d. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

No caso de se enviar por correo, deberá ser certificado co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

Este prazo será de 20 días naturais a partir do día seguinte ó da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).



CUARTA. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán formularse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no Rexistro da Sede de Vigo ou na páxina web da institución provincial www.depo.es.

Tamén se achegará co modelo de solicitude, a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) do solicitante e do acompañante (se fose o caso)
- b. Acreditación de empadroamento en concellos da provincia de Pontevedra, cando os datos do DNI non estean actualizados
- c. Declaración xurada de ser emigrante retornado da Arxentina ou de ter familiares de ata o 3º grao de consanguinidade residentes no país suramericano (pais, fillos, avós, irmáns, netos, tíos e sobrinos), especificando cales
- d. Fotocopia do certificado da prestación social, no caso de optar a ter prioridade en participar na viaxe

QUINTA. OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Os participantes na viaxe deberán cubrir a solicitude no prazo estipulado nestas bases e achegando a documentación esixida.

Deberán de efectuar o pagamento da viaxe no prazo sinalado pola empresa adxudicataria, aceptando as condicións desta e coñecendo as coberturas dos seguros.

Deberán ter en vigor o pasaporte e realizar o pagamento da taxa obrigatoria de saída do país (que se efectuará no propio aeroporto o día da partida).

SEXTA. CONDICIÓN DO PROGRAMA

- A viaxe terá unha duración de 9 días, con sete noites de durmida no lugar de destino.
- Facilitarase mostrador prioritario de embarque no aeroporto de Peinador.
- Posibilidade de reserva de asento a petición dos participantes segundo condicións da aeroliña.
- Facturación directa desde Vigo a Bos Aires dunha maleta por persoa, de 23 quilos +10 quilos de equipaxe de man. Para a segunda maleta haberá un 15% de desconto na facturación (suxeto a disponibilidade).
- Asistencia en destino por guías da empresa Halcón Viajes, e traslado en autocar con refrixerio de auga, zume ou bebida refrescante.
- Asistentes e guías especializados en Bos Aires, con ampla experiencia en recepción de turistas e viaxeiros galegos.
- Entregaráselles a todos os participantes un práctico porta-documentos, así como unha reportaxe fotográfica realizada polo persoal de Halcón Viajes
- Ofrécese unha flexibilidade no peche de billetes para a volta (sempre suxeito a disponibilidade de prazas), tendo en conta os seguintes suplementos: 110 € se o billete non está emitido ou 140 € se o billete está emitido. A emisión de billetes farase 11 días antes da saída. Esta opción está limitada á compañía Air Europa.
- Ofrécese a posibilidade no cambio de nomes nos billetes de avión unha vez emitidos (máximo 11 días antes) cun custo de 60 €.
- Ofrécese un desconto do 20% sobre a tarifa do billete de avión para nenos menores de 12 anos sen cumplir (non se inclúen taxas aeroportuarias) e desconto no hotel do 10% para nenos compartindo cuarto con dúas persoas.
- Opcións de paquetes:

1. *O paquete completo da viaxe inclúe:* os voos de ida e volta desde o aeroporto de Vigo, os trasladados desde o aeroporto de Bos Aires ata o hotel e viceversa e mais o establecemento hoteleiro en réxime de



aloxamento e almorzo. O grupo aloxarase nun hotel, no caso de ser posible, e senón, en dous: Hotel Presidente (4 estrelas) e Hotel Dazzler Palermo (4 estrelas), con bufete para os almorzos. Estes hoteis están situados preto de lugares de interese.

2. *O paquete básico* da viaxe inclúe os voos de ida e volta desde o aeroporto de Vigo; os trasladados desde o aeroporto de Bos Aires ata os hoteis e viceversa (para maior comodidade dos familiares que os vaian recoller); as taxas aeroportuarias e os seguros da viaxe.

Ambas as opcións terán cobertura dun seguro básico e de responsabilidade civil (consultar as condicións coa axencia), así como a posibilidade de contratar un seguro opcional cun suplemento de 25 euros, con mellora de cobertura.

3. *Paquete de excursións e actividades* ofertado por Halcón Viajes de carácter opcional:

-Coñecendo Bos Aires

Guía + autobús	4 h	15 €
----------------	-----	------

-Feira de San Telmo: un imprescindible dos domingos de Bos Aires, con opción de chocolate e churros no Café Tortoni (11 €)

	4 h	15 €
--	-----	------

-Un día na pampa con almorzo

Guía + autobús + recepción con empanadas + almorzo + espectáculo de folclore + exhibición de destrezas crioulas	Día completo	73 €
---	--------------	------

-Cea e espectáculo de tango La Ventana, con opción de trasladados en autos antigos (175 €), opcional clase de tango (1 h/20 €)

Traslados + guía + cea+ espectáculo	3 h	69 €
-------------------------------------	-----	------

- Cataratas de Iguazú, con almorzo

Billete de avión ida e volta a Iguazú + trasladados + visita ás cataratas + almorzo + aventura náutica + entradas ó parque nacional + guía	Día completo	745 €
--	--------------	-------

- Dia completo Colonia del Sacramento, Uruguay, con almorzo

Traslados en autobús ata o porto + barco ida e volta a Sacramento +visita guiada da cidade + almorzo + guía	Día completo	203 €
---	--------------	-------

- Calafate e glaciar Perito Moreno (3 días)

Autobús para trasladados aeroporto –hotel – aeroporto + billete de avión ida e volta a Calafate + visita ó glaciar Perito Moreno + entradas ó parque nacional + ticket de minitreking + guía + 2 noites en Hotel Imago con almorzo	3 días	590 €
--	--------	-------

- Delta del Tigre, almorzo na illa

Autobús + guía + almorzo + paseo en barco	Día completo	88 €
---	--------------	------



SÉTIMA. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Para a concesión de prazas terase en conta o estipulado na cláusula segunda, tendo preferencia as persoas con familia na Arxentina, ou os emigrantes retornados. Así mesmo priorizarase ás persoas perceptoras de prestacións sociais e ás persoas de maior idade e, no caso de igualdade de condicións, teríase en conta o rexistro de entrada.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Servizos Sociais e Promoción de Emprego e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requiriráselle á persoa interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fixera, se desestimarán a súa petición.

OITAVA. ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A contía consignada para o programa “Encontros na emigración” que se regula nesta orde, ascende no ano 2014 a tres mil novecentos noventa e cinco (3.995,00) euros de canon de xestión, con cargo á aplicación orzamentaria 14/232.230-227.07 do orzamento ordinario da Deputación de Pontevedra.

O programa será financiado polos usuarios participantes:

- *Paquete completo*, con hospedaxe en réxime de aloxamento e almorzo, terá un prezo de 1.135 euros/persoa (IVE incluído)*
 - * Este prezo correspón dese co aloxamento en cuarto dobre, para cuarto individual terá un suplemento para as 7 noites de 150 euros.
- *Paquete básico*, sen hospedaxe, terá un prezo de 880 euros/persoa (IVE incluído)

O pagamento farase directamente á empresa adxudicataria unha vez confirmada a praza, mediante transferencia a NovacaixaGalicia, tarxeta, efectivo, ou con financiación de 3 meses sen xuros coa tarxeta de Halcón Viajes. A empresa emitirá un xustificante de pagamento que asinará a empresa e o participante no momento do aboamento.

NOVENA. PUBLICIDADE

En toda a publicidade que se elabore débese facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS.

Para todo o relacionado coa publicidade dirixiranse ó seguinte enderezo de correo electrónico: comunicacion@depo.es

DÉCIMA. PRAZO DE VIXENCIA

As bases que regulan este programa terán vixencia durante o exercicio 2014.

DÉCIMO PRIMEIRA. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, aprobando no Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do vixente orzamento provincial

Pontevedra, 19 de febreiro de 2014.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible.

2014001502